



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 7 DE XULLO DE 2020

Lista de asistentes

Presidenta, decana , coordinadora de calidade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

Estudantes

Casanova Cudeiro, Manuel

Membros da sociedade

Díaz Naya, Rosa María

Desculpan ausencia

PDI

López Díaz, María

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Membros da sociedade

Eguileta Franco, José María

Como consecuencia da situación xerada pola Covid-19, a comisión realízase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o xoves 7 de xullo de 2020, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 7 de maio de 2020.
- 2.- Informe da presidenta.
- 3.- Validación, se procede, do borrador do Seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Historia.
- 4.- Validación, se procede dos seguintes aspectos relacionados coa satisfacción de usuarios e usuarias:
 - a. Proposta do plan anual de avaliación
 - b. Plan anual de avaliación
 - c. Fichas técnicas do deseño das actividades
 - d. Informe de resultados de avaliación
 - e. Informe de seguimento
- 5.- Validación, se procede, da prórroga do procedemento de control dos documentos.
- 6.- Validación, se procede, da prórroga do procedemento para o seguimento e control da docencia.
- 7.- Validación, se procede, da prórroga do procedemento para a xestión das prácticas académicas externas.
- 8.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 7 de maio de 2020.

Apróbase a acta por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Comeza o seu informe indicando que se remata un curso que ninguén houbera imaxinado así. Con todas as dificultades, houbo sempre un contacto directo co alumnado e cando se detectaron problemas tentáronse arranxar.

A profesora Beatriz Vaquero considera que ás veces, produciuse unha sobre actuación e sobre excitación do alumnado porque antes de escribirlle ao reitor habería que escribir ao profesorado, recalca a importancia de contactar antes co profesorado.

A decana explica que se están realizando unhas enquisas en relación coas actuacións pola crise sanitaria da covid-19, pero a participación non é moi elevada, de feito de 167 contestaron unicamente 58 persoas. Os cursos que máis participaron foron segundo seguido de terceiro. Sorpréndelles que en ocasións unha mesma actuación xera resultado moi distintos. A decana realizará un informe global en función das opinións e resultados obtidos.

Agora estase traballando na programación para o curso 2020/2021, tarefa moi complicada pola situación imprevisible que segue xerando a covid-19. As previsións son que cuarto curso será presencial e no resto de cursos realizarase unha docencia síncrona, mantendo as normas sanitarias de seguridade (agora mesmo 1/3) en función da capacidade da aula e do número de alumnado matriculado nas distintas materias.

Na derradeira Xunta de Facultade decidiuse por votación que primeiro curso sería presencial se se conseguían as condicións óptimas na Aula Multiusos. Tamén se comentou que a Facultade de Ciencias de Educación e Traballo Social requiría este espazo. A proposta que se barallaba era que ambos centros compartirían aí a docencia, situación que non parece idónea, dadas as circunstancias. Outro factor era que habería que cambiar, a lo menos en parte, os horarios. Despois de diversas negociacións coa citada facultade, acordouse renunciar ao uso ordinario desa aula, a cambio da 0.9, con unha capacidade aproximada de 24 persoas. Será necesario pois a docencia síncrona (mixta); alumnado na aula e na casa de forma rotativa. Tentarase que as clases prácticas e os exames sexan presenciais. Para que isto sexa factible pediuse que en todas as aulas haxa os medios tecnolóxicos adecuados, e sempre haberá a posibilidade de que o profesorado grave as súas clases, aspecto interesante para que as persoas poidan conciliar e tamén para fortalecer a modalidade semipresencial. Tampouco podemos perder de vista a posibilidade de que haxa un novo confinamento. Tamén comenta a decana

que os motivos da semipresencialidade foron ampliados, e se inclúen tamén causas de tipo económico.

O día 10 de xullo terá lugar o acto de entrega de premios da III Olimpíada Galega de Historia. Encargáronse unhas máscaras serigrafiadas para que o acto transcorra coas necesarias medidas de seguridade.

Dentro da campaña de promoción do centro e das titulacións haberá un concurso en Instagram no que se sortearán 3 bolsas coa nova imaxe de Frida. Deseñáronse para a nova campaña de captación para o curso 2020/2021 uns carteis, vídeos, e dípticos coa nova imaxe de Frida, Cleopatra e Napoleón. Realizarase un vídeo con Xeitura para a xornada de portas abertas virtual que se ten previsto realizar. O futuro é moi incerto e ninguén sabe que pasará coa crise da covid-19.

Solucionouse de xeito provisional o problema da administrativa da Secretaría do Decanato que despois de dous anos e medio de baixa por enfermidade viuse obrigada a reincorporarse porque non lle concederon a incapacidade e rebocáronlle a baixa por enfermidade. A administrativa non pode realizar practicamente ningunha tarefa, camiña cun andador e os primeiros días argumentaba que non podía tocar un ordenador, nin papeis, nin atender o teléfono. Despois dunha reunión presencial co reitor decidiuse que durante un mes virá unha administrativa a realizar todo o traballo que Mercedes non pode realizar polos graves problemas de saúde que sofre. A solución inicial que ofrecía a Administradora de Campus era que a Área de Apoio a Centros e Departamentos asumira as tarefas da Secretaría do Decanato. O equipo decanal considerou pouco factible esa opción posto que é un área que ten xa unhas funcións determinadas e non podería asumir toda a carga de traballo que hai que realizar no decanato da facultade.

3.- Validación, se procede, do borrador do Seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Historia.

O ano 2017 a facultade obtivo a Certificación do Sistema de Garantía de Calidade que se debe renovar transcorrido 5 anos. Agora que estamos na metade dese proceso, hai unha revisión do estado do Sistema. O borrador que se enviou na convocatoria recolle o estado de todas as propostas de mellora que no seu día fixo a Comisión avaliadora. Así por exemplo, faise referencia ao cambio de determinados procedementos; outros aspectos do Sistema non se poden cambiar. En principio o balance é positivo, xa que unha ampla maioría das propostas están xa implantadas. En relación ao sistema de QSP, un dos aspectos que se nos indicou por parte da Comisión é que todos os sistemas que temos arbitrados deben estar integradas no Sistema. É dicir, calquera que chegue por unha vía diferente á institucional, debería integrarse no mesmo. Este é un aspecto que hai que mellorar.

Valídase por asentimento.

4.- Validación, se procede dos seguintes aspectos relacionados coa satisfacción de usuarios e usuarias:

Antes de proceder á votación, a decana explica que os cinco apartados seguintes manteñen as mesmas condicións que no pasado curso.

- a. Proposta do plan anual de avaliación**
Valídase por asentimento.
- b. Plan anual de avaliación**
Valídase por asentimento.
- c. Fichas técnicas do deseño das actividades**
Valídase por asentimento.
- d. Informe de resultados de avaliación**
Valídase por asentimento
- e. Informe de seguimento**
Valídase por asentimento

Nos rexistros relativos ao curso seguinte, farase unha mención xenérica a que pode haber aspectos que varíen se se produce un confinamento.

5.- Validación, se procede, da prórroga do procedemento de control dos documentos.

Antonio Presedo encargouse de realizar unha revisión profunda da información pública subida a web no apartado referido á Calidade. Detectou algunha errata que se solucionou falando coa empresa que se encarga da web do centro. Tamén algún baleiro en algún ano de certos documentos. A decana pregúntalle se desexa realizar algunha aclaración, pero comenta polo chat público que non ten nada máis que engadir.

Valídase por asentimento.

6.- Validación, se procede, da prórroga do procedemento para o seguimento e control da docencia.

Este procedemento cambiouse o ano pasado. Agora está máis adaptado á realidade. Como este procedemento será de aplicación para ao curso que ven, ao igual que no caso anterior, farase unha mención xenérica a que pode haber aspectos que varíen se se produce un confinamento.

Valídase por asentimento.

7.- Validación, se procede, da prórroga do procedemento para a xestión das prácticas académicas externas.

Valídase por asentimento.

8.- Rolda de intervencións.

Beatriz Vaquero explica que está traballando nas guías docentes do Grao en Xeografía e Historia do vindeiro curso. Indica que as do PCEO non se publicarán porque son as mesmas que no grao. Comenta a decana que ten



que revisar o correo electrónico pero que cree que se ampliou o prazo para a remisión das citadas guías. Notificará á coordinadora todo o relativo a este tema. Dada a enorme carga de traballo que hai non resulta doado comprobar todos os e-mails que se reciben e transmitilos de xeito inmediato.

A decana expón que a vindeira xuntanza da comisión de calidade para validar se procede, ás guías docentes se podería realizar por email. Acéptase a proposta por asentimento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.00 horas do día 7 de xullo de 2020, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba